



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)
correo@sansadurnino.dicoruna.es
R.E.L. n_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560-SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a modificación ou reformulación das Ordenanzas Fiscais que seguidamente se indicarán. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 258, do 8 de novembro de 2007, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícanse os textos íntegros desas Ordenanzas Fiscais, que son os seguintes:

ORDENANZA FISCAL Nº 14 **REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU** **APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO** **LOCAL POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS** **BEIRARRÚAS E RESERVA DAS VÍAS PÚBLICAS PARA** **APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS,** **CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA** **CLASE.**

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 58 en relación cos artigos 15 ó 19 e 20 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de San Sadurniño establece a Taxa por autorizacións administrativas por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reserva das vías públicas para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º. DOMINIO PÚBLICO LOCAL

Entenderase como dominio público local pertencente ó Concello de San Sadurniño a efectos da aplicación da presente Ordenanza Fiscal, os bens destinados a uso público definidos no artigo 74.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e os artigos 3º do Real Decreto 1372/1986, de 13 xuño polo que se aproba o Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

ARTIGO 3º. FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúen o Feito Impoñible desta taxa as autorizacións administrativas para a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente nas entradas de vehículos a través de beirarrúas e reserva das vías públicas para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

2.- Terá a consideración de Feito Impoñible o outorgamento das autorizacións para realiza-las utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local regulados na presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 4º.- SUXEITO PASIVO

1.- Son Suxeitos Pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da lei 230/1963, de 28 decembro, Xeral Tributaria que resulten autorizadas para realiza-las utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais definidos no artigo 3º da presente Ordenanza Fiscal.

2.- Son Suxeitos Pasivos desta Taxa, en concepto de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais que dean acceso ás devanditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

3.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

4.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

1.- A determinación da Base Impoñible, que será realizada con carácter xeral pola Administración Municipal de acordo co procedemento establecido no artigo 48 da Lei 230/1963, de 28 de decembro Xeral Tributaria, efectuarase mediante a aplicación do módulo único correspondente ás utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais definidos no artigo 3º da presente Ordenanza Fiscal.

2.- Para a liquidación da presente taxa, os solicitantes de autorizacións que constitúen o feito imponible definido no artigo 3º da presente ordenanza, deberán declara-la modalidade de utilización privativa ou aproveitamento especial que solicitan cuantificando o módulo que rexerá para a determinación da base imponible, segundo o seguinte cadro:

MODALIDADE DE UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL	MÓDULO
Epígrafe Único.- Entrada de e vehículos a través da beirarrúas e reserva das vías públicas para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase	metros lineais

3.- Placa. O importe da placa acreditativa será aboado polo interesado, e o prezo será o de compra, segundo o estipulado na correspondente factura.

ARTIGO 6º.-COTA

1.- Utilizarase o sistema de cota aplicable á base liquidable, exisíndose a taxa conforme á seguinte escala:

ESCALA DA BASE LIQUIDABLE	COTA BASE ANUAL	COTA ANUAL POR CADA METRO QUE EXCEDA DE 3 METROS
Ata 3 metros lineais	30 €	10 €

2.- A aplicación da escala de base liquidable efectuarase, sen excepcións e para tódolos casos, en unidades de metros lineais, redondeándose a unidade superior no caso de as solicitudes de autorizacións, que constitúen o feito impositivo definido no artigo 3º da presente ordenanza, conteñan fraccións inferiores á unidade de metro lineal.

3.- As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.- O período impositivo coincide co ano natural.

2.- A taxa devégase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles.

ARTIGO 8º .- NORMAS DE XESTIÓN

1.- A autorización para realiza-las utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais consistentes nas autorizacións para entradas de vehículos a través das beirarrúas e reserva das vías públicas para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase serán outorgadas polo Alcalde-Presidente do Concello de San Sadurniño ou pola Xunta de Goberno Local, de acordo co establecido no artigo 21.1 ll) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986.

2.- Cando se presente a solicitude ou se inicie o expediente os suxeitos pasivos polas autorizacións administrativas reguladas na presente Ordenanza Fiscal estarán obrigados a ingresar o importe de taxa en concepto de depósito previo, de acordo co artigo 26.1.a) da Ley 39/1988, de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais. O importe de taxa en concepto de depósito previo será autoliquidado polo suxeito coa cuantificación do módulo de metros lineais para a determinación da base impositiva e cota resultante. Non se tramitará o expediente nin se permitirá a utilización privativa ou aproveitamento especial sen que se teña efectuado o pagamento correspondente.

3.- Será preceptivo o informe do Arquitecto Municipal, no que se fixarán as condicións da autorización. Na súa determinación terase en conta unicamente as necesidades xerais que ten que cumprir a utilización privativa ou aproveitamento especial solicitado e as disposicións legais vixentes que poidan ser de aplicación á autorización solicitada.

4.- Tramitado o correspondente expediente, e comprobado o importe de taxa en concepto de depósito previo autoliquidado polo suxeito pasivo, procederase á autorización para a utilización privativa ou o aproveitamento especial solicitado, elevándose o depósito previo á liquidación definitiva ó concederse a autorización solicitada

5.- Os interesados, no suposto de denegación da autorización poderán solicitar a devolución do importe do depósito previo.

ARTIGO 9º.- EXENCIONES E BONIFICACIONES

Non se concederá exención ou bonificación ningunha respecto á taxa regulada pola presente ordenanza.

ARTIGO 10º.- ADMINISTRACIÓN E COBRANZA

1.- As cotas esixibles liquidaranse polo aproveitamento solicitado ou realizado, sendo irreducibles polo período impositivo sinalado artigo 7º da presente Ordenanza Fiscal.

2.- Autorizada a utilización privativa ou aproveitamento especial entenderase prorrogada automaticamente, ata que se solicite a baixa polo interesado, ou sexa declarada a súa caducidade. A tal fin a Administración Municipal elaborará un padrón anual das persoas ou entidades obrigadas ó pagamento, que deberá ser aprobado definitivamente antes do último día do primeiro mes do período impositivo.

3.- Os contribuíntes deberán ingresar o importe das cotas tributarias liquidadas mediante o referido padrón fiscal anual nas Oficinas deste Concello ou Entidades Financeiras colaboradoras no

período comprendido entre o día 15 de febreiro e o último día do mes de abril de cada ano.

4.- Nos casos de presentación da baixa por cese nas utilizacións privativas ou aproveitamento especial regulada na presente Ordenanza Fiscal, esta producirá efectos a partir do ano seguinte á data de presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de tributar pola presente a taxa.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.